

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE, E O CONCELLO DE MOS PARA A SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBRICIÓN E FACHADAS NO PAVILLÓN PENA DE FRANCIA

1

En Santiago de Compostela, a 09 de agosto de 2018

REUNIDOS

D. Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia

A Sra. Dona. Marta Míguez Telle, Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

A Sra. Dona. Nidia Arévalo Gómez Alcaldesa do Excmo. Concello de Mos, actuando de conformidade co disposto nos artigos 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Actuando os tres coas facultades que os seus respectivos cargos e habilitacións lles confiren,

EXPOÑEN

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2.I).

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.

II. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, configura



esta como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do goberno en materia de administración local, entre outras.

As competencias en materia de Administración Local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

III. Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre os que se atopan as instalacións deportivas de uso público.

IV. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da LALGA, figuran as de cooperación e colaboración, que poderán materializarse, entre outras posibilidades, a través da subscripción de convenios.

Neste mesmo senso, o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

Neste caso, o obxectivo común é conseguir ou recuperar un óptimo nivel de funcionamento das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, apoiando aquelas actuacións cuxa finalidade sexa a creación e/ou mellora de infraestruturas e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, incluídos os relacionados coa promoción do deporte e instalacións deportivas.

V. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas municipais, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

Por outra banda, as obras que se pretenden desenvolver, que inclúen a renovación dos materiais de cobertura da edificación, mellorarán a impermeabilización e o illamento térmico do edificio, acadando unha mellora da súa eficiencia enerxética, o que atende aos criterios de subvención do Fondo de Compensación Ambiental xestionado pola Dirección Xeral de Administración Local.

O Concello de Mos manifestou a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Xunta de Galicia para acometer o proxecto denominado *Substitución do material de cubrición e fachadas no pavillón Pena de Francia* que ten como obxecto a renovación dos materiais de cobertura da edificación, mellorando a impermeabilización e o illamento térmico do edificio. A necesidade de levar a cabo esta actuación vén determinada pola importancia deste concello para a promoción do deporte en toda a comarca que comprende, sendo unha actuación imprescindible para continuar co



uso da instalación xa que na actualidade se atopa en estado deficiente presentando humidades procedentes da escurrêntea de augas da zona alta da parcela; filtracións na cuberta debido ao efecto do vento que provoca humidades no pavimento co correspondente perigo para os deportistas e cidadáns que utilizan a pista.

Asemade as actuacións teñen unha compoñente nos resultados que mellorará a envolvente térmica do edificio e a súa eficiencia enerxética, ao actuar en dúas liñas fundamentais: por unha banda a redución da demanda enerxética e, xa que logo, do consumo e, por outra, a mellora do rendemento das instalacións térmicas.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias do Concello de Mos, que veñen incidir nun contexto orzamentario restritivo e necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto deste proxecto representa para a facenda municipal, que precisa da mellora da infraestrutura deportiva e da súa eficiencia enerxética para a adecuada prestación dos servizos municipais.

Destas circunstancias derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Por todo o anterior, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes a Xunta de Galicia, por medio da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Secretaría Xeral para o Deporte; e o Concello de Mos deciden subscribir este convenio que se suxeitará ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Secretaría Xeral para o Deporte, e o Concello de Mos para a reforma de substitución de material de cubrición e fachadas no pavillón Pena de Francia segundo o recollido no proxecto básico e de execución de “Reforma de substitución de material de cubrición e fachadas no pavillón Pena de Francia” redactado pola arquitecta técnica municipal Purificación Barciela García.

SEGUNDA: INVESTIMENTO PROGRAMADO E COFINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de CEN MIL EUROS (100.000,00€) IVE incluído. Estas actuacións serán financiadas pola Xunta de Galicia, Secretaría Xeral para o Deporte, Dirección Xeral de Administración Local e o Concello de Mos conforme ao seguinte procedemento:

- A Secretaría Xeral para o Deporte, achegará a cantidade que se indica con cargo a aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 código de proxecto 2013 00039 do seu orzamento de gastos para o exercicio 2018 .

Anualidade 2018.....50.000,00€



- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará 40.000,00 € con cargo á aplicación 05.23.141A.760.2 (2017 00054) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2018. Esta cantidade será obxecto de minoración no orzamento de gastos desta Dirección Xeral para proceder a tramitar a ampliación no orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte que será a encargada de supervisar as certificacións de xustificación de realización das obras por parte do Concello, da revisión da documentación xustificativa e de realizar o pagamento, de ser o caso.

Anualidade 2018.....40.000,00€

- O Concello de Mos achegará a cantidade de 10.000,00€, con cargo a aplicación orzamentaria 34202.6320000 do seu orzamento de gastos do exercicio 2018

Anualidade 2018.....10.000,00€

TERCEIRA: COMPROMISOS DAS PARTES

➤ 3.1.- Obrigas do Concello de Mos

1. As obras serán realizadas polo contratista que fora seleccionado polo Concello de Mos dando conta á Secretaría Xeral para o Deporte da elección, así como de calquera modificación do proxecto, prórrogas de prazos establecidos na adxudicación ou alteracións de calquera outros elementos básicos que configuren as actuacións.

En tódolos casos de contratación con terceiros, o Concello actuará con suxeición, tanto na tramitación do procedemento de contratación como na execución do contrato administrativo, ao establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, atendendo tamén ao preceptuado no artigo 12 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2. Son obrigas do beneficiario as sinaladas nos artigos 14 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 11 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sinaladamente as seguintes:
 - a) O Concello quedará obrigado a asumir ao seu cargo os aumentos que se produzan, no caso de que o custo das obras ou equipamentos resulte superior á valoración prevista no orzamento, ou ben se deriven de revisión dos prezos adicionais, prórrogas e outros supostos.
 - b) Redactar e remitir o proxecto ou documento técnico e as súas especificacións, que deberán contar coa autorización e aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte. O proxecto ou documento técnico e as súas especificacións deberán contar cos informes, permisos e/ou autorizacións que sexan preceptivos.
 - c) As licenzas, autorizacións administrativas, contratación de servizos e subministracións, así como os impostos e taxas de aplicación aos pagos dos conceptos incluídos e previstos na execución do proxecto, serán por conta do Concello.
 - d) O Concello, quedará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





e) Deberá destinar os bens adquiridos ou sobre os que se realicen as obras ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, por período non inferior a cinco anos, ao tratarse de bens inscrites nun rexistro público.

O incumprimento da obriga de destino referida no parágrafo anterior será causa de reintegro nos termos establecidos ao efecto no artigo 37 da Lei 38/2007, do 7 de novembro, xeral de Subvencións, e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido nos termos legalmente previstos.

f) No caso de que o beneficiario incumprise o establecido neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte, poderá revogar a subvención concedida logo da audiencia do interesado.

g) Así mesmo e de acordo co establecido nos artigos 33 da Lei 9/2007 e 74 do Decreto 11/2009 o Concello de Mos deberá cumprir todos os compromisos establecidos no presente convenio, e en particular o disposto neste apartado 3.1 en canto á realización, pagamento e xustificación das obras previstas de acordo co establecido no proxecto coas modificacións que, se fora o caso, foran aprobadas pola Secretaría Xeral para o Deporte. A execución de obras por importes ou unidades inferiores das recollidas no proxecto ou de obras non recollidas na documentación técnica aprobada pola secretaria xeral así como as deficiencias nas xustificacións documentais das mesmas darán lugar ao reintegro da parte proporcional do custe do incumprimento.

3. Será responsabilidade do concello a elaboración da documentación necesaria para dar cumprimento á normativa de seguridade e saúde, especialmente ao establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (BOE núm. 269 do 10.11.1995) e no Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (BOE núm. 256 do 25.10.1997). Prestarase especial atención no caso de que a actuación comprenda algún dos traballos que implican riscos especiais para a seguridade e a saúde dos traballadores, recollidos no anexo II do RD 1627/1997.

Así mesmo, é responsabilidade do concello a designación do coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra, no caso de que sexa necesario de acordo co establecido no artigo 3.2 do RD 1627/1997.

➤ **3.2.- Obrigas da Secretaría Xeral para o Deporte**

A Secretaría Xeral para o Deporte obrígase ao pagamento das achegas indicadas na cláusula segunda por importe de noventa mil euros (90.000,00€: 50.000,00€ correspondentes a achega da Secretaría Xeral para o Deporte e 40.000,00€ correspondentes á achega da Dirección Xeral de Administración Local).

CUARTA: BAIXAS DE ADXUDICACIÓN E INCIDENCIAS NA EXECUCIÓN

As achegas económicas comprometidas, veranse diminuídas en igual proporción que a que resulte de imputar as baixas que se obteñan nas respectivas adxudicacións. As baixas aplicaranse dende o primeiro momento, axustando a cantidade resultante a subvencionar.

Así mesmo a citada achega non experimentará incremento no caso de producirse incidencias ou aprobarse modificacións durante a execución da obra que supoñan aumento do seu custo.



QUINTA: XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 28.5 da Lei 9/2007 e co artigo 8 do Decreto 193/2011, o Concello de Mos estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011 e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

A xustificación das obras obxecto deste convenio farase antes do 30 de novembro de 2018 e os pagos faranse mensualmente previa presentación da correspondente certificación de obra realizada ese mes e a xustificación de ter sido abonada polo Concello. A Secretaría Xeral para o Deporte fará a súa achega nas certificacións iniciais, ata acadar, de acordo co artigo 62 do Decreto 11/2009, o 80% do importe total da axuda. O 20% restante da axuda achegarase coa certificación final de obra.

SEXTA: CONCORRENCIA CON OUTRAS AXUDAS

As axudas contempladas neste convenio son compatibles con outras que poida acadar o concello, sempre que a suma de toda elas non supere o investimento total real.

Antes do primeiro pagamento, o concello achegará unha declaración do conxunto de tódalas solicitudes de subvención efectuadas, ou concedidas, para as obras obxecto deste convenio, diante das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos.

No momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, o Concello presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como das pendentes da resolución, para este proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

SÉTIMA: PUBLICIDADE DAS OBRAS

No exterior da instalación ou do recinto, o Concello fixará un cartel informativo da natureza das obras obxecto de execución, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico de indentificación de ambas entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico, e respectará a imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

OITAVA: REXISTROS PÚBLICOS DE AXUDAS

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.



En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo, o concello consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

NOVENA: COMPROBACIÓN E RECEPCIÓN DAS OBRAS

A Secretaría Xeral para o Deporte poderá efectuar cantas comprobacións estime oportunas, con carácter previo á realización da proposta de calquera dos pagamentos parciais ou do final, que incluírá, en todo caso, a comprobación da execución material do investimento que poderá realizar a través dun funcionario da Secretaría Xeral para o Deporte ou da persoa que designe.

A recepción das obras farase polo Concello, quen dará conta dela á Secretaría Xeral para o Deporte.

DÉCIMA: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Secretaría Xeral para o Deporte.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.

O concello garante o uso gratuíto da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Así mesmo, o concello comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. No caso de conflito ou discrepancia, a administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, poderá actuar como árbitro.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

UNDÉCIMA: VIXENCIA E DENUNCIA DO CONVENIO

O período de vixencia do convenio comezará ao día seguinte da súa sinatura e estenderase ata o 31 de decembro do ano 2018 sen prexuízo da posibilidade de prorrogar dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décimo terceira, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.





De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen que se teña acordado a prórroga do mesmo.
2. O acordo unánime de todos os asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DUODÉCIMA: MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

1. Por acordo unánime dos asinantes.
2. De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

Na comisión de seguimento e control informárase sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto para a súa aprobación, conforme as limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento, a Administración da Xunta de Galicia non asumirá compromisos económicos que impliquen incrementar a contía das anualidades establecidas na cláusula segunda.

En calquera caso, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida, serán resoltas pola secretaria xeral para o Deporte.

DÉCIMO CUARTA: LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido no mesmo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.



Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Baixo os termos referidos e en proba de conformidade, asínase este convenio de cooperación no lugar e data indicados.

O vicepresidente e conselleiro de A secretaria xeral para o Deporte A alcaldesa do Concello de Mos
Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Alfonso Rueda Valenzuela

Marta Míguez Telle

Nidia Arévalo Gómez

